

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 19 DE XANEIRO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

#### **DECRETOS**

##### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Ourense, dun treito da estrada OU-540, xunto co seu dominio público viario (DPV).
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Padrenda, de dous treitos antigos da estrada OU-801, xunto co seu dominio público viario e a franxa de dominio público viario da área recreativa da Agra.

##### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE**

- Decreto polo que se crea e se regula o Consello Autonómico da Infancia e Adolescencia.

#### **ACORDOS**

##### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

- Acordo polo que se declaran iniciativas empresariais prioritarias varios proxectos de parques eólicos.

##### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Acordo polo que se dá conta do balance das actuacións da Xunta de Galicia para fomentar e incentivar a prestación de servizos financeiros básicos no rural.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Acordo polo que se aproba o inicio da tramitación da Estratexia galega de mobilidade.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se aproba a posta en marcha do Programa de atención de enfermaría a domicilio dentro do Plan de atención primaria.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se declara o interese autonómico do proxecto de ampliación da Casa Grande de Xanceda, solicitado por Casa Grande de Xanceda, S.L. de acordo co previsto na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Acordo polo que se toma razón da evolución da superficie forestal ordenada e dos resultados acadados como consecuencia das ordes de axudas destinadas á elaboración de instrumentos de ordenación ou xestión forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Acordo polo que se toma razón da planificación da mellora da produción e comercialización con base na cogobernanza-plans das organizacións de produtores pesqueiros galegas (OPP).

## **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

- Informe sobre os proxectos de enerxía eólica en Galicia.

### **CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE**

- Informe sobre as axudas de impulso ao emprego autónomo para o ano 2023.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA, A PROL DO CONCELLO DE OURENSE, DA RÚA MARCELO MACÍAS TRAS INVESTIR 1,7 M€ NA SÚA RENOVACIÓN INTEGRAL

- A Xunta acometeu a mellora integral desta rúa, que se corresponde cun treito da estrada autonómica OU-540, e o Concello comprometeuse a asumir a titularidade deste treito unha vez finalizadas as obras
- O Executivo actuou en 1,3 quilómetros desta vía autonómica, coa renovación do pavimento, das beirarrúas, dos pasos de peóns ou dos sinais, así como da iluminación pública
- O Concello asume agora a titularidade da vía e terá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Ourense, da rúa Marcelo Macías.

O Goberno galego, tras acometer as obras de renovación integral deste treito da estrada OU-540, procede agora á súa transferencia á Administración local.

Os traballos de mellora e renovación integral executáronse no marco dun acordo de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello de Ourense, que se comprometeu a asumir a titularidade deste treito comprendido entre os puntos quilométricos 0 e 1+320, unha vez finalizadas as obras.

A transferencia tramítase agora de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta, o Concello terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### Renovación integral

O Executivo autonómico destinou un investimento de 1,7 millóns de euros ao acondicionamento de 1,3 quilómetros da estrada autonómica OU-540, que coincide coa rúa Marcelo Macías da cidade de Ourense.

As obras consistiron na renovación e mellora do pavimento, dos sinais, das beirarrúas ou dos pasos de peóns, así como das redes de abastecemento e de saneamento e da iluminación pública.

A actuación incluíu, ademais, traballos de mantemento e conservación no viaduto sobre o río Barbaña e o reforzo da seguridade viaria da rúa, coa disposición dun total de sete pasos de peóns elevados co fin de reducir a velocidade dos vehículos e protexer os viandantes.

No marco deste proxecto, tamén se desenvolveron traballos de renovación de servizos urbanos de saneamento, abastecemento, iluminación, coa colocación de luminarias ornamentais da ponte sobre o Barbaña.

Plano do treito de estrada obxecto da transferencia:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE, A PROL DO CONCELLO DE PADRENDA, DE DISTINTOS TREITOS DA ESTRADA AUTONÓMICA OU-801 NO NÚCLEO DA AGRA**

- Con este acordo, o Goberno da galego atende unha solicitude do Goberno local que prevé actuar para mellorar a área recreativa da Agra
- O Concello asume a titularidade destes treitos e terá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Padrenda, de distintos treitos da estrada autonómica OU-801 no núcleo da Agra.

Concretamente, transfírese a titularidade de dous treitos antigos na marxe dereita da OU-801, de 108 e 220 metros de lonxitude, respectivamente, xunto co seu dominio público.

Neste acordo inclúese, ademais, a franxa de dominio público da área recreativa da Agra, cunha superficie de 2.360 m<sup>2</sup>, situada na marxe esquerda da OU-801, entre o punto quilométrico 23+050 e o 23+120.

A Xunta de Galicia dá así resposta á solicitude do concello que prevé actuar na mellora da área recreativa da Agra.

A transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta, o Concello de Padrenda terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.



O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Nas seguintes imaxes amósanse os tramos obxecto da transferencia autorizada hoxe:

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DE GALICIA APROBA O NOVO DECRETO QUE REGULARÁ O PRIMEIRO CONSELLO AUTONÓMICO DE INFANCIA E ADOLESCENCIA**

- Estará conformado por 30 nenos e adolescentes de entre 8 e 17 anos que achegarán as súas opinións e propostas para articular políticas públicas
- É unha das medidas que contemplaba a Estratexia Galega para a Infancia e a Adolescencia (EGIA), posta en marcha polo Goberno galego

O Consello da Xunta aprobou o decreto que regula o Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia, o primeiro órgano colexiado que dará voz a todos os menores de Galicia para achegar as súas opinións, propostas e necesidades para que se teñan en conta á hora de poñer en marcha políticas públicas que lles afecten.

Este novo Consello Autonómico, que se prevé que se constitúa ao longo das vindeiras semanas, despois da publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG), é unha das medidas que contemplaba a Estratexia Galega para Infancia e a Adolescencia (EGIA) posta en marcha polo Goberno galego.

Estará integrado por un grupo de 30 nenos e adolescentes de idades comprendidas entre os 8 e os 17 anos, ambas incluídas. A metade deles serán rapaces e rapazas en representación dos Consellos locais de Participación Infantil, dez procederán do grupo de participación da Plataforma de Organizacións da Infancia de Galicia (POIG) e cinco en representación do Sistema de Protección de Menores da Administración autonómica.

Algunhas das moitas funcións que terá o Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia serán: exercer de órgano de participación de todos os menores de idade galegos; trasladar as opinións, necesidades, intereses e inquietudes da infancia e adolescencia á Xunta de Galicia; realizar propostas aos organismos competentes en materia de infancia e adolescencia; velar polo cumprimento e despregamento da Convención sobre os Dereitos do Neno; propoñer informes e estudos propios sobre materias relacionadas coa infancia; suxerir a posta en marcha de actividades, xornadas, seminarios e campañas que fagan visibles as achegas dos nenos á sociedade; ou promover a creación dos consellos de participación local.

É importante sinalar que este decreto foi froito do traballo colectivo entre o persoal técnico da Administración autonómica e as entidades e axentes implicados na atención á infancia, que fixeron achegas durante o período de información pública.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DECLARA INICIATIVA EMPRESARIAL PRIORITARIA CINCO PARQUES EÓLICOS QUE TEÑEN ASINADO UN CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA A LONGO PRAZO CON REPSOL**

O Consello da Xunta declarou iniciativa empresarial prioritaria cinco parques eólicos da provincia de Pontevedra que teñen asinado un contrato de subministración de enerxía a longo prazo con Repsol.

Desde a Administración galega realizouse unha modificación legislativa na Lei 5/2017 para engadir un novo requisito á hora de declarar como iniciativas empresarias prioritarias "proxectos con infraestruturas de evacuación en tramitación ou xa autorizadas cuxos promotores subscriban un acordo directo de compravenda de enerxía a longo prazo e a prezo competitivo cunha empresa con centro de traballo con actividade industrial no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, vinculado aos devanditos proxectos e ao centro de traballo determinado de que se trate, e garantindo polo menos o 50 % da súa produción de enerxía."

No caso destes cinco parques procede a declaración por contar con infraestruturas de evacuación en tramitación e contrato de compravenda a longo prazo asinado con Repsol para a subministración da refinería coruñesa.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### MÁIS DE 51.000 PERSOAS SE BENEFICIARON DO ACCESO AOS SERVIZOS FINANCEIROS IMPULSADO POLO GOBERNO GALEGO NO RURAL

- A Xunta rematou a instalación dos caixeiros automáticos para evitar a exclusión financeira en municipios illados ou con baixa poboación
- O Consello da Xunta coñeceu hoxe o balance das actuacións levadas a cabo no pasado exercicio para incentivar e fomentar a prestación de servizos bancarios nas zonas rurais
- Nas vindeiras semanas, o Goberno galego abrirá un novo prazo de adhesión ao protocolo asinado coa FEGAMP

Máis de 51.000 galegas e galegos se beneficiaron o pasado exercicio do acceso aos servizos financeiros impulsado polo Goberno autonómico en colaboración con 36 concellos do rural. Eses municipios contan agora cun caixeiro automático operativo grazas aos convenios asinados coa Xunta de Galicia para facilitar atención financeira ao cidadán.

Con esta iniciativa, o obxectivo da Xunta era facer fronte á problemática que supón o acceso aos servizos bancarios no rural, evitar a exclusión financeira e promover que toda a poboación galega, con independencia do seu lugar de residencia, teña acceso aos servizos financeiros.

Deste xeito, unha vez postos en marcha todos os caixeiros, a finais do ano pasado tíñanse realizado máis de 90.000 operacións, sendo a máis frecuente a retirada de cartos en metálico (un 76,4% das operacións). Tamén se utilizaron para realizar consultas (18,7%), pagar ou comprobar recibos, facer xestións da tarxetas de transporte e outros trámites, todo sen ter que desprazarse a outros municipios.

As entidades locais adheridas voluntariamente á iniciativa impulsada pola Xunta e nas que se instalaron estes caixeiros son: Toques, Lousame, Dodro, Santiso, Vilasantar, Vilarmaior, Aranga, Paderne, Monfero, Dumbría, Coirós e Xunqueira de Ambía na provincia da Coruña; Ribeira de Piquín, Samos e O Páramo na de Lugo; A Arnoia, Chandrexa de Queixa, A Teixeira, San Xoán de Río, Os Blancos, Baltar, Larouco, Petín, Rairiz de Veiga, Porqueira, Carballada de Avia, Melón, Piñor, Cenlle, Taboadela, Xunqueira de Espadañedo, Oímbra, Lobeira, Pontedevea A Peroxa e Vilar de Santos na provincia de Ourense.

A Xunta fíxose cargo do financiamento da iniciativa, polo que os concellos acollidos a esta medida non tiveron que realizar achega económica ningunha. Tan só tiveron que ceder e acondicionar os espazos necesarios para a instalación dos caixeiros e a

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

prestación dos servizos de asesoramento financeiro e formación que tamén inclúen os acordos.

Estas medidas puxéronse en marcha coa colaboración da entidade financeira ABANCA, que foi elixida mediante convocatoria pública e competitiva co obxecto de que esta entidade prestase servizos bancarios básicos naqueles concellos galegos do ámbito rural que se adherisen voluntariamente a esta iniciativa.

### **Novo prazo de adhesión**

O *Informe sobre a inclusión financeira en España* elaborado recentemente a instancias das tres patronais bancarias leva a cabo unha diagnose da accesibilidade aos servizos financeiros baseada en datos de decembro de 2021. De acordo con este informe, existen en España 3.230 municipios (o 39,7% do total) que carecen de calquera punto físico de acceso a servizos bancarios, o que afecta a máis de 657.500 persoas (1,4% do total).

En Galicia a poboación afectada é moito menor, xa que tan só o 1,9% dos concellos carece de puntos de acceso a servizos bancarios (o 0,2% da poboación). Neste sentido, nas vindeiras semanas, a Xunta abrirá un novo prazo de adhesión ao protocolo de colaboración asinado entre o Goberno galego e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) dirixido especialmente a aqueles concellos que na actualidade presentan algunha dificultade de acceso a servizos financeiros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DE GALICIA INICIA A TRAMITACIÓN DA ESTRATEXIA PARA IMPULSAR UN MODELO DE MOBILIDADE MÁIS FUNCIONAL, SUSTENTABLE, ECONÓMICA E SEGURA CO APOIO DA INNOVACIÓN E DAS NOVAS TECNOLOXÍAS**

- O obxectivo é dispor dun instrumento de planificación de carácter multimodal para deseñar solucións á medida do conxunto da poboación para os vindeiros anos, tendo en conta as características do territorio e as demandas de mobilidade
- Trátase de promover unha mobilidade de baixas emisións tanto para as persoas como para as mercadorías, fomentando a intermodalidade e os desprazamentos non motorizados
- A estratexia partirá dun diagnóstico exhaustivo da mobilidade galega actual e establecerá liñas de traballo para reducir a necesidade de desprazamentos, a distancia media percorrida, as emisións e a sinistralidade
- Fíxanse como obxectivos concretos diminuír un 30 % as emisións directas ou indirectas derivadas do transporte no horizonte do ano 2040 ou rebaixar nun 80 % as vítimas mortais no transporte neste ano horizonte
- Requirirase a colaboración de todas as administracións para facilitar os desprazamentos das persoas e mercadorías, para apoiar a competitividade do territorio e transformar os patróns de mobilidade

O Consello da Xunta acordou hoxe o inicio da tramitación da Estratexia galega de mobilidade, conformada por un conxunto de documentos e ferramentas que desenvolverá a Xunta para analizar e planificar en todo o seu conxunto a mobilidade na Comunidade Autónoma e adaptala aos retos da sociedade no futuro en materia de mobilidade sustentable.

Búscase dispoñer dun instrumento estratéxico de planificación multimodal para deseñar solucións á medida das necesidades da poboación galega para os vindeiros anos. Isto permitiralle a Galicia contar cun modelo de mobilidade que cumpra cinco obxectivos estratéxicos: ser máis funcional, máis sostible desde o punto de vista ambiental, máis económico, máis seguro e mellor adaptado á innovación tecnolóxica.

A Estratexia galega de mobilidade responderá ás necesidades de desprazamento de toda a poboación galega e á localización do seu tecido produtivo, polo que para dar unha resposta adecuada deberá ter en conta as características do seu territorio e as súas demandas de mobilidade.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Estratexia galega de mobilidade partirá dun diagnóstico exhaustivo da mobilidade galega actual e establecerá liñas de traballo para reducir a necesidade de desprazamentos, a distancia media percorrida, as emisións e a sinistralidade.

Na actualidade, existe unha problemática multidimensional: enerxética, ambiental, tecnolóxica e económica, asociada ao sector do transporte nun escenario marcado pola necesidade de dar cumprimento aos acordos internacionais en materia ambiental.

Durante a pandemia da covid-19 reduciuse a actividade en todos os sectores e ocasionouse unha repentina crise e un freo á mobilidade. Pero non só a pandemia supuxo un freo na mobilidade, neste último ano, o incremento nos prezos de combustibles, o conflito armado en Ucraína e outros condicionantes coma a elevada inflación ou a crise enerxética xeraron unha serie de consecuencias que afectan as relacións humanas e industriais da sociedade tal e como se coñecían ata o momento, o que impulsa unha transformación global multisectorial.

Neste escenario, e dentro dun contexto determinado por retos económicos e sociais, o Goberno galego entende que se require un redeseño do transporte, dos servizos e das infraestruturas a nivel global, nacional e rexional, marcado pola necesidade de dar cumprimento aos acordos internacionais en materia ambiental pero garantindo o dereito á mobilidade das persoas, a accesibilidade, o tempo de desprazamento e o custo.

Acadar unha mobilidade sustentable ambientalmente, garantindo a accesibilidade ao territorio en condición de igualdade e segura, é unha prioridade do Goberno galego para os próximos anos.

Deste xeito, coa Estratexia galega de mobilidade, a Xunta de Galicia pretende establecer unha mobilidade de baixas emisións que, baixo a premisa de entender a mobilidade das persoas como un dereito e a das mercadorías como esencial para a sociedade, promoverá o transporte público, a intermodalidade e os desprazamentos non motorizados dunha maneira efectiva como parte da loita contra o cambio climático.

O novo modelo de mobilidade terá como principais prioridades reducir a necesidade de desprazamentos e tamén as distancias deses desprazamentos, reducir as emisións directas ou indirectas derivadas do transporte e diminuír a sinistralidade, reducindo as vítimas mortais en todos os modos de transporte.

A Xunta fíxase como obxectivos concretos diminuír un 30 % as emisións directas ou indirectas derivadas do transporte no horizonte do ano 2040, apostando por vehículos

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

máis limpos e pola utilización de enerxías renovables; ou rebaixar nun 80 % as vítimas mortais no transporte neste ano horizonte, incidindo na “visión cero” que recolle o Plan de seguridade viaria vixente.


Para iso, a estratexia galega estará aliñada cos compromisos internacionais en materia de desenvolvemento sustentable: como os obxectivos de desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas e o Acordo de París, así como cos principios do Pacto Verde europeo. Tamén coas políticas do Goberno español nesta materia e coa Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050.

Coa finalidade de establecer unha mobilidade de baixas emisións en todo o territorio de Galicia, a Estratexia galega de mobilidade da Xunta recollerá un programa de medidas en que se involucrará, tamén, a Administración xeral do Estado e as administracións locais.

Neste eido requírese a colaboración de todas as administracións para facilitar os desprazamentos das persoas e das mercadorías, para apoiar a competitividade do territorio e transformar os patróns de mobilidade.

Logo do acordo de inicio da tramitación aprobado hoxe pola Xunta de Galicia, o documento inicial da Estratexia galega de mobilidade da Xunta de Galicia someterase á información pública e a consulta durante o prazo de dous meses. Unha vez recompiladas as achegas e as suxestións recibidas, redactarase o documento final, que será elevado ao Consello da Xunta de Galicia para a súa aprobación.

### Eixos estratéxicos da EGM




COMUNICACIÓN DE INTERÉS PÚBLICO



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### Pirámide da mobilidade sostible proposta na Estratexia Galega de Mobilidade



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA SALIENTA O REFORZO DA ATENCIÓN PRIMARIA NO RURAL COA CREACIÓN DE 35 EQUIPOS DE ATENCIÓN DOMICILIARIA**

- Apunta que o obxectivo da Xunta é aumentar nun 50% a actividade asistencial de pacientes crónicos nos seus domicilios con respecto o pasado ano
- Explica que estes novos equipos estarán formados por 70 profesionais de enfermaría, que traballarán apoiando as funcións que realiza o persoal dos centros de saúde das zonas rurais e semirruais de Galicia
- Pon en valor que realizarán visitas de “xeito proactivo” para o seguimento de doentes inmobilizados e detectar potenciais problemas clínicos ou sociais

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, salientou hoxe que Galicia continúa reforzando a atención primaria con medidas para facer fronte ás actuais demandas da poboación galega. Neste senso, puxo en valor a o “acordo importante” aprobado no Consello da Xunta para a posta en marcha de 35 novos equipos de enfermería que se desprazarán polas zonas rurais e semirruais para atender a domicilio pacientes crónicos.

Rueda precisou que estes novos equipos estarán integrados por un total de 70 profesionais de enfermaría, que realizarán visitas de “xeito proactivo” para o seguimento de pacientes que están inmobilizados na casa “e así detectar a tempo calquera problema tanto clínico como social”.

O mandatario galego indicou que estas novas unidades traballarán apoiando as funcións que realizan os profesionais dos centros de saúde das zonas rurais e semirruais de Galicia sobre os pacientes cun manexo clínico máis complexo.

Rueda apuntou que o “obxectivo” da Xunta con este reforzo é “aumentar nun 50% a actividade asistencial que xa realizan os profesionais de atención primaria a pacientes nos seus propios domicilios” con respecto o pasado ano e avanzou que a Xunta destinará 3,3 millóns de euros para a creación destes equipos.

Cada equipo estará formado por dous profesionais que traballarán de forma integrada e coordinada co resto de profesionais dos equipos de atención primaria (medicina, enfermaría, traballo social, farmacia, odontoloxía ou nutrición). Os ESAD estarán dotados con 35 vehículos corporativos que facilitarán os seus desprazamentos, material sanitario e equipamento diagnóstico e tecnolóxico propio.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito, os profesionais dos centros de saúde situados nos concellos de ámbito rural e semirrural poderán solicitar de xeito autónomo o apoio dos ESAD cando o consideren preciso para resolver situacións clínicas concretas. Ademáis, os equipos de soporte de atención domiciliaria realizarán de xeito proactivo valoracións integrais a determinados pacientes inmovilizados coa finalidade de detectar potenciais problemas clínicos ou sociais que requiran de intervencións por parte dos equipos de atención primaria.

Todo isto contribuirá a aumentar a capacidade resolutive da atención primaria no ámbito domiciliario, reforzando a atención sanitaria nas zonas rurais e semirurais xeograficamente dispersas e impulsando a actuación dos profesionais de enfermaría na organización asistencial da atención domiciliaria, nun contexto de traballo colaborativo co resto de profesionais que conforman os actuais equipos de atención primaria.

### **Mellora organizativa e funcional da atención primaria**

A creación e implantación de 35 novos equipos de soporte de atención domiciliaria é unha das medidas máis importantes que estaba previsto implantar en atención primaria para reforzar a atención domiciliaria, cumprindo cos obxectivos recollidos no Plan de acción de atención primaria e comunitaria 2022-2023, no Plan galego de atención primaria 2019-2021, na Estratexia por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde e tamén na Estratexia galega para a atención a persoas en situación de cronicidade.

Unha folla de ruta na cal resulta necesario potenciar o traballo en equipo de todo o persoal de atención primaria, á vez que se fomenta a promoción da competencia profesional de todas as categorías deste ámbito asistencial.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DE GALICIA DECLARA PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO A AMPLIACIÓN DA INDUSTRIA LÁCTEA CASA GRANDE DE XANCEDA

- O Consello da Xunta aprobou hoxe esta declaración de cara a ordenar e planificar a nivel organístico e territorial a superficie desta industria, co gallo de que habilite terreos para instalacións complementarias á actividade gandeira actual
- Co proxecto prevense ampliar as instalacións con 9.701 m<sup>2</sup> co obxecto de poñer en marcha unha planta de biogás e tratamento de xurros, entre outros
- A declaración como proxecto de interese autonómico xustifícase en que as actividades desenvolvidas pola Casa Grande de Xanceda son fundamentais para o sector agroalimentario ecolóxico galego
- A iniciativa enmárcase na Estratexia de dinamización do sector lácteo, que busca consolidar este eido como estratéxico para o rural de Galicia tendo en conta que chega o 1,5 % do PIB da Comunidade

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración como proxecto de interese autonómico de ampliación das instalacións da sociedade Casa Grande de Xanceda. O obxectivo desta iniciativa é ordenar e planificar a nivel organístico e territorial a ampliación desta industria láctea situada no concello de Mesía, na provincia da Coruña. Esta ampliación ten como fin habilitar terreos para instalacións complementarias á actividade gandeira actual -planta de biogás e tratamento de xurros-, así como outras superficies para dar soporte ás súas actividades turísticas, culturais e de formación.

O ámbito da proposta afecta unha superficie total de 41.751 m<sup>2</sup>, que forman parte dos terreos de arredor de 200 hectáreas propiedade de Casa Grande de Xanceda. Dentro desta superficie, a industria láctea xa conta con instalacións de 4.930 m<sup>2</sup>, que se busca ampliar coas do proxecto declarado de interese autonómico, no cal se prevén outros 9.701 m<sup>2</sup>.

Estas novas instalacións prevén destinarse a usos varios que complementarán a actividade gandeira actual, coma a nova planta de biogás, a ampliación da fábrica de iogures e a construción de novas oficinas, o que permitiría o redeseño das utilidades da casa agraria do século XVII existente. Ademais, estas novas edificacións albergarían unha sala multiúsos para actividades turísticas e de formación, así como unha Aula Natura.

A declaración como proxecto de interese autonómico xustifícase en que as actividades desenvolvidas pola Casa Grande de Xanceda son fundamentais para o sector

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

agroalimentario ecolóxico galego. Trátase dun modelo de desenvolvemento económico sustentable no rural por combinar un equilibrio entre a ecoindustria e o coidado do ambiente e benestar animal, promover a formación e a concienciación ambiental mediante visitas guiadas, ofertar programas de educación escolar continua en toda Galicia e realizar accións solidarias a nivel estatal.

Operativa desde 1968 e con certificado ecolóxico desde 2002, a Casa Grande de Xanceda atópase ademais no centro xeográfico dunha das comarcas con maior tradición leiteira da produción ecolóxica láctea galega, polo que os seus provedores de leite, produtos tecnolóxicos e loxísticos proceden en gran parte de toda a comunidade.

### **Estratexia de dinamización do sector lácteo**

Cabe sinalar que Estratexia de dinamización do sector lácteo galego (2020-2025) configura este eido como estratéxico para o rural de Galicia, xa que achega o 1,5 % do PIB da Comunidade e constitúe a principal especialización produtiva do agro galego, achegando o 24 % da produción final agraria.

Cómpre lembrar que esta estratexia está contribuíndo a consolidar Galicia como referente neste campo, con fitos como a mellora progresiva dos prezos ou o reforzo da posición negociadora dos gandeiros, grazas a ferramentas como a aplicación informática Contaláctea. Nesa liña, traballa en cinco grandes eixos: a produción, a industria, os mercados, a cadea de valor e a formación e innovación.

Unha das metas da Estratexia de dinamización do sector lácteo galego é conseguir que no 2025 o 75 % do leite producido en Galicia se transforme na Comunidade. Nesa dirección, o último informe sectorial elaborado polo Observatorio Galego da Calidade Alimentaria constata que no 2021 transformáronse en Galicia máis do 63 % do leite producido e a transformación incrementouse por riba do 50 % no período 2016-2021.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA CELEBRA QUE GALICIA ACADE XA PRETO DO MEDIO MILLÓN DE HECTÁREAS DE MONTE CON INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN E XESTIÓN FORESTAL, SUPERANDO O OBXECTIVO FIXADO PARA 2025**

- O Consello da Xunta constatou hoxe que Galicia conta actualmente con 497.532,75 hectáreas de superficie forestal ordenada, máis do dobre do rexistrado en 2018
- Con este dato supérase amplamente o obxectivo establecido na primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 Cara á neutralidade carbónica para o final do ano 2025, que se situaba arredor das 380.000 hectáreas
- Na consecución deste obxectivo tiveron unha incidencia especial as ordes de axudas convocadas pola Xunta de Galicia nos últimos anos para fomentar a ordenación forestal
- Grazas á convocatoria de 2022 prevese ordenar unhas 57.000 hectáreas, co que, ao remate da súa execución, a superficie forestal ordenada superará as 545.000 ha e acadará así o fito previsto no Plan forestal de Galicia para o ano 2030

Galicia conta actualmente con preto de medio millón (497.532,75) de hectáreas de superficie forestal ordenada, é dicir, que dispón de instrumentos de ordenación e xestión forestal. Así se recolle na información achegada pola Consellería do Medio Rural que coñeceu hoxe o Consello da Xunta.

Cabe resaltar que con esta cifra se supera amplamente o obxectivo establecido na primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 Cara á neutralidade carbónica para o final do ano 2025, que se situaba arredor das 380.000 hectáreas. Ademais, tal e como se desprende dos datos, é previsible que ao remate da execución da orde de axudas de 2022 se teña acadado o fito previsto no devandito Plan forestal para o ano 2030 cunha superficie forestal ordenada superior ás 545.000 hectáreas.

Cómpre engadir que, segundo o anuario de estatística forestal de Galicia, a superficie ordenada no ano 2018 era de arredor de 233.000 hectáreas, o que representaba pouco máis do 10 % da superficie forestal galega. Rexistrouse, pois, un incremento do 113 % entre os datos de 2018 e de 2022, o que significa que a superficie se incrementou máis do dobre no referido período.

A Xunta fomenta a ordenación dos montes, que ten como finalidade a organización, tecnicamente xustificada, dos seus usos, a través de especificacións necesarias para a súa xestión sustentable no tempo e no espazo. Contribúese así a reforzar a función dos terreos forestais como fonte de recursos -os pastos, a madeira, os cogomelos ou a

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cortiza-, por seren provedores de múltiples servizos recreativos e paisaxísticos, pero tamén en termos de protección do solo e do ciclo hidrolóxico, de fixación do carbono atmosférico ou de diversidade biolóxica.

### **Convocatorias de axudas**

Na consecución deste obxectivo tiveron unha incidencia especial as ordes de axudas convocadas pola Xunta de Galicia nos últimos anos para fomentar a ordenación forestal. Estas achegas benefician maioritariamente as comunidades de montes veciñais en man común, pero tamén as asociacións e agrupacións de propietarios particulares, as cooperativas agrarias, os pro indivisos, as entidades locais, comunidades de bens, os montes de varas ou Sofor, que, tras as modificacións introducidas na Lei de montes de Galicia pola Lei de recuperación da terra agraria, poden solicitar o recoñecemento como agrupacións forestais de xestión conxunta, cos dereitos e coas vantaxes que implica esta figura. Tamén poden beneficiarse das axudas propietarios particulares de xeito individual.

En concreto, sumando as convocatorias de 2018 e 2020, correspondentes ao Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, o total de beneficiarios destas subvencións foi de 834, cunha superficie ordenada que superou as 325.000 hectáreas e cuns importes de máis de seis millóns de euros.

Canto á convocatoria de 2022, cuxa resolución se publicará proximamente no *Diario Oficial de Galicia*, o número de solicitudes aprobadas ao abeiro destas achegas foi de 248, por un importe que supera os 1,6 millóns de euros e unha superficie ordenada, de preto de 57.000 hectáreas.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA APROBA OS PRIMEIROS PLANS DE PRODUCCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DAS ORGANIZACIÓNS DE PRODUTORES PESQUEIROS QUE SERÁN FINANCIANDOS CON FONDOS FEMPA**

- Os plans elaborados para 2023 polas oito OPP de ámbito autonómico existentes en Galicia contan cun orzamento de 3,5 millóns de euros e inclúen accións coas que perfeccionar a actividade extractiva, a produción dos distintos recursos mariños e a súa comercialización
- Os programas de traballo inciden en aspectos como a formación das tripulacións, a introdución de innovacións a bordo dos buques, a selectividade das artes ou a promoción dos produtos do mar, entre outras cuestións
- As organizacións de produtores pesqueiros están repartidas por todo o litoral de Galicia e a súa actividade é vital para a súa contorna, xerando empregos e riqueza que inciden no conxunto da economía galega

A Consellería do Mar informou hoxe no Consello da Xunta da aprobación dos plans de produción e comercialización das organizacións de produtores pesqueiros (OPP) de ámbito autonómico para desenvolver en 2023, os primeiros que se van financiar con recursos do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura (Fempa). Estes plans, deseñados polas oito entidades deste tipo existentes na comunidade, contan cun orzamento de máis de 3,5 millóns de euros e inclúen accións coas que perfeccionar tanto a actividade extractiva e a produción dos distintos recursos do mar como a súa comercialización.

Os programas de traballo aprobados ás OPP de ámbito autonómico vanse executar ao longo deste ano e no vindeiro exercicio poderán acollerse á convocatoria ordinaria de axudas aos plans de produción e comercialización, que será financiada con fondos Fempa ao entrar xa dentro do seu período de programación.

As distintas accións incluídas polas OPP nos seus plans prevén ese gasto de máis de 3,5 millóns de euros con medidas como a formación para actualizar os coñecementos dos armadores e das tripulacións tanto en materias de prevención de riscos laborais e seguridade a bordo -na procura de minimizar as causas de accidentes e enfermidades profesionais derivadas do seu traballo- como na actualización das obrigas ante posibles cambios normativos neste eido.

No ámbito formativo tamén se inclúen actuacións relacionadas coa regulación en materia de hixiene ou de manipulación dos produtos a bordo que repercutan na mellora da súa comercialización. Ao mesmo tempo, tamén se busca introducir innovacións nos

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

buques que melloren a actividade tanto desde o punto de vista económico -como podería ser a redución do consumo enerxético- como desde o ambiental, na procura dunha pesca máis sustentable.

As OPP tamén inclúen entre as medidas máis destacadas accións para a protección e preservación do medio mariño coa recollida de información a bordo e iniciativas para evitar tanto a captura de especies non desexadas como a interacción con cetáceos e aves. A elas engádense as accións de promoción mediante a participación en feiras e a realización de degustacións ou distintas campañas para dar a coñecer os produtos pesqueiros dos asociados favorecendo a comercialización e a rendibilidade económica dos produtores.

Os plans de produción e comercialización aprobados para 2023 correspóndense coa Organización de Produtores de Pesca Fresca do Porto de Vigo (OPP-4), a Organización de Produtores Pesqueiros do Porto de Burela (OPP-7), a Organización de Produtores de Pesca Fresca do Porto da Coruña (OPP-13), a Organización de Produtores de Marisco e Cultivos Mariños da Provincia de Pontevedra (OPP-20), Porto de Celeiro, S.A. (OPP-77), a Asociación de Armadores de Cerco de Galicia-Acerga (OPP-82), a Sociedade Cooperativa Galega do Mar Santa Uxía de Ribeira (OPP-83) e Parquistas de Carril (OPP-89).

Estas oito OPP de ámbito autonómico están repartidas por todo o litoral de Galicia e a súa actividade, incluídas as actuacións previstas nos seus plans de produción e comercialización, é vital para a economía da súa contorna. De feito, son motores económicos na súa área de influencia e xeran empregos e riqueza que inciden no conxunto da economía de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA DESTACA O ESFORZO QUE ESTÁ A REALIZAR A XUNTA NA TRAMITACIÓN DE PROXECTOS EÓLICOS PARA CUMPRIR OS PRAZOS IMPOSTOS POLO GOBERNO CENTRAL**

- Resalta que garantir a “sostibilidade e a preservación do medio” é fundamental á hora de poñer en marcha novos parques polo que Galicia seguirá exixindo unha Declaración de Impacto Ambiental favorable a estes proxectos
- Lembra que Galicia “é un referente” en enerxías renovables xa que o 75% da enerxía que se xera na comunidade ten a súa orixe nestas fontes
- Defende un desenvolvemento eólico planificado e ordenado en equilibrio coa protección do ambiente e que achegue seguridade xurídica aos promotores á vez que dá prioridade ás iniciativas vinculadas á industria galega
- O vicepresidente primeiro resalta que Galicia “pretende liderar o proceso de descarbonización da economía”
- Ante o efecto chamada provocado polo decreto lei do Goberno en xuño de 2020, contratáronse 120 persoas na Administración galega e axilizouse a tramitación para cumprir os fitos marcados en canto á emisión de declaracións de impacto ambiental (DIA), autorizacións administrativas e de construción
- O fito máis inmediato é a emisión da DIA o vindeiro 25 de xaneiro para 140 parques eólicos, dos que se prevé que a obteñan -xa sexa favorable ou non- a maioría
- Solicita dilixencia na tramitación ao Goberno, que xa conta cos informes precisos para os 13 parques eólicos aos que se declarou a excepcionalidade para consolidar proxectos industriais como os de Resonac (Showa Denko), Alcoa ou Sentury que suman 1137,4 MW

O presidente de Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe o esforzo que está a realizar a Xunta na tramitación de proxectos eólicos para cumprir cos prazos impostos polo Goberno central. “Galicia é un referente en enerxías renovables. O 75% da enerxía que se xera na comunidade ten orixe en fontes renovables e queremos seguir por este camiño”, indicou Rueda, quen resaltou que garantir “a sostibilidade e a preservación do medio ambiente” son fundamentais á hora de poñer en marcha calquera proxecto deste tipo e, por iso, “en Galicia seguirá sendo obrigatorio contar cunha Declaración de Impacto Ambiental (DIA) favorable” para a posta en funcionamento dun novo parque eólico.

Rueda lamentou os prazos fixados “de forma unilateral” polo Goberno central que provocaron un aumento dos proxectos que solicitan a DIA correspondente, o que levou á Xunta a incrementar en 120 o número de traballadores para poder tramitar estas iniciativas en tempo. O presidente quixo agradecer o “esforzo realizado polos funcionarios” neste eido que están a realizar un “traballo potente e riguroso”.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tal e como explicou o presidente, o Consello da Xunta de Galicia avaliou na súa reunión desta mañá a situación actual do sector eólico galego. Unha industria clave na transición enerxética e para a que o Goberno galego está activando todos os instrumentos ao seu alcance co obxectivo de lograr un desenvolvemento planificado e ordenado. Búscase que vaia en equilibrio coa protección do ambiente, achegando seguridade xurídica aos promotores, á vez que se dá prioridade aos proxectos eólicos vinculados á industria para que poidan acceder a un prezo eléctrico máis competitivo.

“Galicia está respondendo e activando todos os instrumentos que están ao noso alcance como administración para acompañar as necesidades do tecido industrial, ofrecer a máxima axilidade e sempre de forma planificada”, sinalou o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, Francisco Conde, quen asegurou que “Galicia aposta polas renovables e pretende liderar o proceso de descarbonización da economía”.

Segundo trasladaron Rueda e Conde, o modelo galego contrasta coas decisións que nesta materia está adoptando o Goberno central que, coas súas actuacións, está poñendo trabas ás administracións autonómicas e creando inseguridade xurídica e incertezas. Neste sentido, lembraron que Galicia está a facer un grande esforzo para facer fronte ao efecto chamada provocado polo decreto lei aprobado polo Goberno en xuño de 2020 que regula a caducidade dos permisos de acceso e conexión dos parques eólicos. Esta normativa impoñía prazos moi axustados para obter as declaracións de impacto ambiental (DIA), así como as autorizacións administrativa e de construción, polo que o Goberno central se viu obrigado a modificala para aumentar os prazos en nove meses máis.

O fito máis inmediato será a obtención da DIA -favorable ou non- para 140 proxectos de parques eólicos en Galicia. Logo da contratación de 120 persoas e a aplicación de diferentes medidas para dar unha maior axilidade ao proceso, a Xunta de Galicia conta con que a maioría dos parques poidan obter a DIA -xa a obtiveron 92 proxectos (66 favorable e 26 desfavorable)-. Neste sentido, ademais dos prazos limitados, a tramitación atopouse con outras trabas como os atrasos á hora de contestar os requirimentos, ademais da falta ou dos erros na documentación presentada que impedirán que todos os parques poidan cumprir con este fito.

Aínda así, a Xunta de Galicia, a través da Lei de acompañamento, xa estableceu que, naqueles casos onde non se poida cumprir con este fito administrativo, se continuará coa tramitación daqueles parques que perdan o permiso de acceso e conexión, aínda que

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

non poderá autorizar o proxecto mentres tanto non obteñan estes permisos. Ademais, debido á imposibilidade material do cumprimento dos prazos, apreciarase a existencia de causas non imputables ao promotor para non executar as garantías económicas. O seguinte paso será a obtención da autorización administrativa previa e de construción para os parques que contén coa DIA favorable.

Ante este esforzo realizado desde o Goberno galego -que desde 2020 aprobou máis DIA que desde 2013 ao 2019; e que en 2022 duplicou os informes emitidos polos organismos dependentes ao pasar dos 1.070 en 2021 aos 2.227 de 2022-, solicítase ao Executivo central o mesmo grao de compromiso. Neste sentido, os proxectos de máis de 50 MW dependen do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. Deles declarouse a excepcionalidade para 13 proxectos polo seu impacto social e económico, ao estaren vinculados a Alcoa, Sentury e Resonac (Showa Denko). Galicia xa emitiu os informes necesarios, polo que o Goberno non ten impedimento para que estes parques cumpran coa súa tramitación administrativa.

Desde a Administración galega tamén se realizaron as modificacións legislativas precisas para declarar este tipo de proxectos como iniciativas empresariais prioritarias, para o cal se exixiu, entre outras cuestións, a subscrición dun acordo directo de compravenda de enerxía a longo prazo (PPA) cunha empresa con actividade industrial en Galicia que garanta como mínimo o 50 % da súa produción enerxética.

En definitiva, Galicia está cumprindo e pide máis reciprocidade por parte do Goberno, co obxectivo de poder seguir desenvolvendo o binomio industria-sustentabilidade.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA CONVOCARÁ ESTE MES NOVAS AXUDAS PARA O TRABALLO AUTÓNOMO CON 20 M€ PARA APOIAR NOVAS ALTAS E INVESTIMENTOS PARA A CONSOLIDACIÓN DE NEGOCIOS**

- Subliña que o obxectivo é chegar a “7.000 autónomos novos ou en proceso de mellora dos seus negocios”
- Resalta que estas achegas se suman aos 30 M€ da nova liña Impacto Autónomo que se convocou hai unha semana e tivo un “gran éxito de solicitudes”
- O Consello da Xunta informou hoxe sobre as bases dos programas Xempre Autónomo (12 millóns) e Bono Autónomo (8 millóns) que se publicarán no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) nos próximos días
- Con Xempre Autónomo facilítase a posta en marcha de novas iniciativas empresariais con apoios que poden chegar aos 10.000 euros por persoa
- O Bono Autónomo financia cun límite de 3.000 euros a consolidación de negocios
- A Xunta investirá este ano preto de 60 millóns de euros para impulsar en Galicia o emprego autónomo co obxectivo de seguir creando novas oportunidades laborais na Comunidade Autónoma

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno galego convocará nos próximos días no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) dous novos programas de axudas dirixidos ás persoas traballadoras por conta propia que con 20 millóns de euros. O obxectivo é axudar “a 7.000 autónomos novos ou en proceso de mellora dos seus negocios”, indicou.

Rueda resaltou que “Galicia é a segunda comunidade con maior peso” dos autónomos sobre o total de afiliacións e lembrou que estas dúas novas liñas de axudas se suman ao investimento de 30 millóns da liña de Impacto Autónomo que se publicou a principios de mes que “tivo moito éxito de solicitudes” e unha iniciativa pioneira en todo o Estado.

Tal e como explicou o presidente, o Consello da Xunta informou hoxe sobre as bases dos programas Xempre Autónomo, que contará con 12 millóns de euros de orzamento, para apoiar o inicio de actividade; e do Bono Autónomo que, con 8 millóns, financiará investimentos para a consolidación dos negocios. Ao longo do exercicio, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade convocará o resto de programas destinados ás persoas traballadoras autónomas “que en total sumarán preto de 60 millóns de euros para 2023”, segundo explicou Rueda.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con Xempre Autónomo, o Goberno galego, igual ca noutras edicións, apoiará as novas altas. Serán axudas cunha contía base de 2.000 euros, que poderán chegar aos 4.000 euros para persoas desempregadas menores de 30 anos, parados de longa duración, persoas con discapacidade e, como novidade este ano, maiores de 55 anos. Estes importes poderán incrementarse nun 25 % se os beneficiarios son, entre outras casuísticas, mulleres, maiores de 45 anos, emigrantes retornados ou estranxeiros, se o centro de traballo está situado nun concello rural ou a actividade empresarial é unha profesión en que as mulleres están subrepresentadas.

Con esta iniciativa, a Xunta prevé beneficiar unhas 3.500 persoas traballadoras por conta propia que se atopen sen emprego e desexen desenvolver a súa actividade profesional en Galicia como autónomas. O obxectivo das axudas é que os beneficiarios poidan facer fronte aos distintos gastos xerados no comezo da actividade laboral.

Como requisitos para acceder a estes apoios exixírase que as persoas traballadoras estean dadas de alta no réxime especial de traballadores autónomos (RETA), noutro réxime especial por conta propia ou en mutualidades profesionais entre o 1 de outubro de 2022 e o 29 de setembro de 2023.

En 2022, estes apoios chegaron a preto de 3.500 persoas traballadoras autónomas, para o cal a Xunta investiu 12 millóns de euros.

### **O Bono Autónomo**

Con respecto ao Bono Autónomo, o programa ten como obxectivo apoiar a consolidación das autónomas e autónomos que leven polo menos 42 meses de actividade empresarial con axudas de ata 3.000 euros dirixidas á realización de investimentos para a mellora da competitividade. O Bono Autónomo foi unha medida pioneira posta en marcha en Galicia no ano 2017 coa que se beneficiaron ata o de agora máis de 10.300 traballadores deste colectivo cun orzamento en seis anos próximo aos 23 millóns de euros. En 2023 estímase que se poidan conceder apoios a 3.500 persoas.

A iniciativa, en concreto, cofinancia o 80 % dos investimentos cun límite de 3.000 euros, e apoia, entre outros, a compra de maquinaria, enxoval ou ferramentas, adquisición de equipamentos informáticos, de equipamento para a oficina, rótulos, reformas do local, novas instalacións para a mellora da eficiencia enerxética, investimentos para a substitución de combustibles fósiles, o desenvolvemento de aplicacións informáticas ou páxinas web e/ou deseño da marca. Poderán financiarse os gastos que se realicen entre o 1 de xaneiro de 2023 e ata o remate do prazo de presentación de solicitudes (29 de setembro de 2023).

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O emprego autónomo é unha prioridade para a Xunta. Aos preto de 60 millóns de euros que se dedicarán este ano a apoiar este colectivo hai que engadir outros 18,2 millóns de euros que se reservan para impulsar o emprendemento facendo fincapé no medio rural, a través de fórmulas de economía social e microemprendemento autónomo, e por medio da Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego que se está a despregar por toda a xeografía galega.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

